

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN | PERFIL

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) é a figura fundamental da literatura galega no último medio século, non só pola súa faceta narrativa e poética, senón tamén pola súa vasta produción xornalística e polos seus traballos de investigación e de crítica, unha traxectoria que foi sempre inspirada pola súa profunda conciencia da realidade lingüística e cultural de Galicia.

A mediados dos 50, cando estudaba Filosofía e Letras en Santiago, entrou en contacto co galeguismo cultural que orbitaba entón ao redor de Ramón Piñeiro. Máis tarde, instalado en Madrid para cursar Filoloxía Románica, formou parte do grupo Brais Pinto, que aglutinou a estudantes e mozos traballadores galegos de ideoloxía esquerdista, como Bernardino Graña e Reimundo Patiño.

En paralelo á súa actividade política, que foi constante, dedicou a súa tese de licenciatura a Eduardo Pondal, unha investigación que aproveitaría dúas décadas despois para a súa obra *De Pondal a Novoneyra*, e publicou en 1966 a edición crítica de *O Cancioneiro de Pero Meogo*, que se converteu nun libro de consulta obrigada para estudiosos da literatura medieval.

Méndez Ferrín obtivo a Cátedra de Lingua e Literatura Española do Instituto Santa Irene de Vigo, cidade na que se instalou nos 60 e desde onde desenvolveu un continuo labor de defensa da lingua e a literatura galegas. Entón publicara xa narrativa e poesía, pero sería nos 70 cando vería a luz unha das súas obras máis emblemáticas, o poemario *Con pólvora e magnolias*, que lle valeu o Premio da Crítica. Mestre do relato breve e da novela, Méndez Ferrín publicou despois obras tan destacadas como *Amor de Artur*; *Arnoia, Arnoia*; *Bretaña Esmeraldina*, Premio da Crítica de Galicia; e *Arraianos*, Premio da Crítica Española e de Galicia e Premio Losada Diéguez. A súa traxectoria valeulle ser proposto en 1999 para o Premio Nobel pola Asociación de Escritores en Língua Galega.

Membro da Real Academia Galega desde o ano 2000, preside a institución desde xaneiro do 2010.